

ESCOLA DE PARTICI- PACIÓN 2019

Espazo de formación
e aprendizaxe para entidades
e colectivos informais e para
a cidadanía.



FORMACIÓN PARA A CIDADANÍA

Curso de iniciación á mediación veciñal e comunitaria

Curso básico sobre as técnicas e ferramentas de resolución de conflitos a través da mediación.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro e cidadanía en xeral

Datas: 8, 10 e 22 de abril

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 21 de marzo ao 4 de abril ou ata esgotar prazas

Curso de transparencia e goberno aberto

Formación sobre os mecanismos que garantizan a transparencia nas actuacións da administración e lexislación aplicable.

Dirixido a: persoas con interese no eido da participación e innovación social

Datas: 6 de maio

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 17 de abril ao 2 de maio ou ata esgotar prazas

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Participación e Innovación Democrática, pon de novo en marcha a Escola de Participación, un espazo de formación e aprendizaxe destinado a entidades e colectivos informais, aberto tamén a toda a cidadanía interesada en participar.

O programa Escola de Participación 2019 é de carácter gratuíto e desenvolverase entre os meses de febreiro e outubro no Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX).

A Escola pon a disposición da veciñanza os seguintes cursos:

Innovación Social: outros modelos e metodoloxías de xestión

Unha acción formativa dirixida a coñecer o concepto de innovación social, potenciar a intelixencia creativa colectiva e achegar metodoloxías innovadoras en participación cidadá á cidadanía.

Dirixido a: persoas con interese no eido da participación e innovación social

Datas: 13, 15 e 20 de maio

Horario: de 16:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 25 de abril ao 9 de maio ou ata esgotar prazas

Curso de manexo básico da linguaxe de signos

Neste curso poderanse adquirir recursos teóricos e ferramentas prácticas para favorecer a inclusión de persoas con discapacidade auditiva, a través dunha metodoloxía práctica e cooperativa.

Dirixido a: cidadanía en xeral

Datas: 27 e 29 de maio, e 5, 10 e 12 de xuño

Horario: de 17:00 a 20:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 9 ao 23 de maio ou ata esgotar prazas

FORMACIÓN PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Curso básico de contabilidade para entidades

O obxectivo deste curso é abordar, de forma teórico-práctica, as obrigas contables para as entidades sen ánimo de lucro.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro

Datas: 18 e 20 de febreiro

Horario: de 17:00 a 20:30 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 6 ao 14 de febreiro ou ata esgotar prazas

Curso básico de subvencións

Este curso abordará a tramitación de solicitudes dunha subvención ante a administración pública, partindo dun suposto práctico.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro

Datas: 25 de febreiro

Horario: de 17:00 a 21.00 h.

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 6 ao 21 de febreiro ou ata esgotar prazas

Proposta formativa dirixida ás persoas que están pensando en crear entidades non lucrativas, ou que xa pertencendo a estas, necesiten formación en aspectos específicos na xestión das súas asociacións.

O obxectivo é proporcionar ferramentas para organizar e xestionar entidades de acción social procurando o fortalecemento das entidades do terceiro sector e o apoio ao desenvolvemento de iniciativas cidadás, así como de favorecer o mutuo coñecemento das iniciativas sociais que se están a desenvolver na nosa cidade.

Elaboración e xestión de proxectos

O obxectivo deste curso é dotar ás persoas participantes de competencias básicas á hora de realizar e presentar un proxecto, así como abordar a súa xestión.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro ou interesadas na súa creación

Datas: 11 de marzo

Horario: de 16:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 21 de febreiro ao 7 de marzo ou ata esgotar prazas

Xestión de recursos humanos: xestión laboral en entidades

Neste curso obteranse coñecementos esenciais para o desenvolvemento da estratexia organizacional: figuras laborais, contratación, externalización de servizos, xestión de recursos e responsabilidade social.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro

Datas: 13 de marzo

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 25 de febreiro ao 11 de marzo ou ata esgotar prazas

FORMACIÓN PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

O reto da igualdade nas entidades sen fin de lucro

O obxectivo deste curso é dar a coñecer a lexislación neste ámbito e avanzar nas dinámicas de funcionamento das entidades vencelladas á igualdade de xénero.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro

Datas: 20 de marzo

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 4 ao 18 de marzo ou ata esgotar prazas

O reto da igualdade nos centros educativos

Curso orientado a dotar de ferramentas, coñecementos e recursos en materia de igualdade ás persoas relacionadas coa comunidade escolar en xeral.

Dirixido a: comunidades

educativas e ANPAS da cidade

Datas: 25 de marzo

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 7 ao 21 de marzo ou ata esgotar prazas

Curso básico sobre xestión de voluntariado en entidades sen fin de lucro

O curso ofrece os coñecementos e ferramentas necesarias para levar a cabo unha boa xestión e coordinación do voluntariado que se incorpora e desenvolve actividades nunha organización.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro que traballan con persoas voluntarias

Datas: 26 e 27 de marzo

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 7 ao 21 de marzo ou ata esgotar prazas

FORMACIÓN PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Como facer voluntariado nunha entidade: itinerario para futuras/os voluntarias/os

O obxectivo do curso é dar unha visión xeral sobre o que é o voluntariado e o seu ámbito de actuación, así como os requisitos e habilidades necesarias para o seu desempeño.

Dirixido a: persoas interesadas en realizar voluntariado en organizacións sociais

Datas: 1 de abril

Horario: de 16:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 14 ao 28 de marzo ou ata esgotar prazas

Curso sobre administración electrónica + kit relación administración

Curso práctico sobre a relación

das entidades coa administración a través da sede dixital, utilizando o certificado dixital ou dni electrónico.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro

Datas: 3 de abril

Horario: de 16:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 18 de marzo ao 1 de abril ou ata esgotar prazas

Seminario-taller: espazos e recursos municipais de uso cidadán e aplicación de ordenanzas municipais

Taller informativo sobre a oferta de recursos, espazos e equipamentos municipais, sistemas, condicións e posibilidades de uso, así como nocións básicas sobre o cumprimento das ordenanzas municipais.

FORMACIÓN PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro, nomeadamente as de carácter veciñal

Datas: 24 de abril

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscrición: do 8 ao 22 de abril ou ata esgotar prazas

Obradoiro de recursos en programas e apps gratuítas para a xestión de asociacións

O obxectivo deste obradoiro é capacitar ás entidades e colectivos para facer uso dos programas e apps deseñados de maneira específica para a xestión deste tipo de organizacións.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro

Datas: 8 de maio

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscrición: do 22 de abril ao 6 de maio ou ata esgotar prazas

Marketing e comunicación dixital

Formación deseñada para permitir ás persoas representantes dos diferentes entes asociativos traballar cunha comunicación dixital eficaz, aplicando ferramentas de marketing social.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro

Datas: 22 de maio

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscrición: do 6 ao 20 de maio ou ata esgotar prazas

Protección de datos de carácter persoal

Neste curso traballarase a lexislación vencellada á protección

FORMACIÓN PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

de datos en entidades sen ánimo de lucro e estableceranse os procedementos necesarios para un tratamento correcto destes.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro

Datas: 9 de outubro

Horario: de 17:00 a 19:30 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscrición: do 23 de setembro ao 7 de outubro ou ata esgotar prazas

Como crear unha asociación

Neste obradoiro abordaránse en conxunto os aspectos fundamentais a ter en conta á hora de crear unha asociación: figura xurídica, procedemento para a constitución, obrigas legais, etc.

Dirixido a: persoas interesadas en constituir unha asociación sen ánimo de lucro

Datas: 14 de outubro

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscrición: do 26 de setembro ao 10 de outubro ou ata esgotar prazas

Curso básico de fiscalidade

O obxectivo do curso é abordar as obrigas fiscais dunha entidade non lucrativa, así como do repertorio básico de consultas tributarias asociadas.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro

Datas: 16 de outubro

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscrición: do 30 de setembro ao 14 de outubro ou ata esgotar prazas

FORMACIÓN PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Curso básico de financiamento público nas entidades

O obxectivo do curso é proporcionar ás persoas pertencentes ás entidades de ámbito social unha visión das posibles fontes de financiación da asociación.

Dirixido a: persoas pertencentes a entidades sen ánimo de lucro

Datas: 21 de outubro

Horario: de 17:00 a 21:00 h

Lugar: Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX)

Inscripción: do 3 ao 17 de outubro ou ata esgotar prazas

20 ←

**prazas para cada
acción formativa**

Todos os cursos son **gratuítos**.
Unha vez esgotadas as prazas,
abrirase unha lista de espera.

Inscricións na web:

www.coruna.gal/cmix

Máis información:

no teléfono **981 184 294**

ou no e-mail: **cmix@coruna.es**

ESCOLA DE PARTICI- PACIÓN 2019

Espazo de formación
e aprendizaxe para entidades
e colectivos informais e para
a cidadanía.

- 🌐 www.coruna.gal/participacion
- 🐦 facebook.com/corunaparticipa
- 📌 twitter.com/corunaparticipa

